

## RECICLAXE DE ACEITES USADOS EN CAMARINAS

A importancia da reciclaxe dos aceites usados tamén forma parte do programa de minimización de residuos posto e marcha cende o Concello de Camariñas.



Nota de prensa da ADLC

O Concello de Camariñas continúa coa campaña de minimización de residuos que foi iniciada en setembro cofinanciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na que se desenvolvero diferentes actividades de sensibilización e concienciación para a poboación de Camariñas.

O 9 de decembro comeza a campaña de recollida de aceites domésticos en colaboración coa empresa d recollida PROTECION MEDIOAMBIENTAL SL (PMA) e cinco supermercados do Concello.

Dende hoxe nos supermercados de Aliprox e Froiz de Camariñas, Leis de Ponte do Porto e os Super da Font e Tenda de Ultramarinos de Pastora de Camelle atoparanse uns contenedores para recollida dos aceite domésticos mellorando con este servizo a recollida e reciclaxe deste líquido.

Aquelas empresas (supermercados, tendas, bares, restaurantes etc.) que desexen participar nesta campaña contar co servizo de recollida de aceite doméstico, poden contactar coa Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas na Casa de Pedra situada na Praza de Insuela S/N, no telefono 981 73 70 04 ou n enderezo electrónico [info@camarinas.net](mailto:info@camarinas.net).

Os días 23 e 24 de decembre tamén desenvolverase en Camariñas un concurso-xincana para rapaces rapazas entre 7 e 14 anos onde desenvolveranse probas relacionadas coa minimización de residuos e consumo responsable. Os premios serán un MP4 de ultima xeración para @s gañad@s en primeiro segundo posto así como obterán un USB de agasallo as 13 persoas finalistas.

Aqueles nenos/as que desexen participar terán que inscribirse previamente na Casa de Pedra do Concello d Camariñas, tamén atoparán as follas de inscrición e máis información na web municipal [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net) no blog <http://residuosma.blogspot.com>.